

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0KF	<i>Expediente</i> CON/7/2016	<i>Fecha</i> 15-04-16 12:03

Número 66 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Servizo para a reparación de pavimentos de calzada con afección á seguridade vial - Campaña inverno 2016. LOTE I: Excluído o ámbito PE-1. LOTE II: En ámbito PE-1 excluído intramuros."

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 66 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO PARA A REPARACIÓN DE PAVIMENTOS DE CALZADA CON AFECCIÓN Á SEGURIDADE VIAL - CAMPAÑA INVERNO 2016. LOTE I: EXCLUÍDO O ÁMBITO PE-1. LOTE II: EN ÁMBITO PE-1 EXCLUÍDO INTRAMUROS."

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 5 de abril de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe de Intervención, nº 2016/157, de data 12.4.16 (o cal fai referencia ás consideracións realizadas no seu informe de data 26.2.16).

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo para a reparación de pavimentos de calzada con afección á seguridade vial - Campaña inverno 2016. LOTE I: Excluído o ámbito PE-1. LOTE II: En ámbito PE-1 excluído intramuros", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0KF	<i>Expediente</i> CON/7/2016	<i>Fecha</i> 15-04-16 12:03

EXPÓN:

Primeiro: Con data 29 de marzo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas para os dous lotes é a do licitador EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA.

Segundo: Con data 5 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia á empresa **EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA**, que oferta unha porcentaxe de baixa do **32'55%** a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios de cada un dos lotes, e ata o gasto máximo previsto en cada un deles de 60.000 euros IVE aparte.

O IVE correspondente a cada un dos lotes (21%) ascende á cantidade de 12.600 euros.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 21000.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia á empresa **EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA**, que oferta unha porcentaxe de baixa do **32'55%** a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios de cada

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0KF	<i>Expediente</i> CON/7/2016	<i>Fecha</i> 15-04-16 12:03

un dos lotes, e ata o gasto máximo previsto en cada un deles de 60.000 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente a cada un dos lotes (21%) ascende á cantidade de 12.600 euros.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 45400 21000.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

